



Viaxes e cancións dos ratos de Lonxedetodo, de Trinke Trinke

29 de novembro, ás 12.00 horas, na Fábrica

O rato Fuco chega á Fábrica para representar o contacontos teatral Viaxes e Cancións dos Ratos de Lonxedetodo.

Persoas destinatarias: familias con crianzas maiores de 3 anos

Duración: 50 minutos

Inscripción: desde o 23 de novembro



Biocos, de Atenea García

13 de decembro ás 12.00 h, na Fábrica

Proposta de narración oral e xogo sonoro para a primeira infancia inspirada na tradición oral galega: recitados, romances acumulativos, xogos de dedos e contos encadeados que se transforman nunha experiencia sensorial arredor da diversidade e os afectos.

Persoas destinatarias: a partir de 2 anos

Duración: 35 minutos

Inscripción: desde o 7 de decembro

Reserva a túa praza para o espectáculo a través do formulario habilitado o día marcado desde as 10.00 horas. As prazas outorgaranse por orde de inscrición tendo preferencia os dous primeiros días as familias inscritas no Apego de Oleiros.

Aínda non formas parte do Apego? Apego vai dirixido a vós, ás familias con nenos e nenas ata 6 anos. Queremos axudarvos á socialización en galego e propoñervos o uso da lingua galega para crear vínculos coa familia. Infórmate no Servizo de Normalización Lingüística, a través do correo lingua@oleiros.org.



Un Outono con Apego 2026





O Meu retrato nun prato

Neste obradoiro cerámico usaremos arxilas coloreadas para compoñer un retrato, que se converterá nun prato para usar nas nosas mesas.

25 de setembro (para crianzas de 1 a 3 anos)

Faranse dúas quendas, unha de 16.00 a 17.00 horas e outra de 17.00 a 18.00 horas.

Inscripción: desde o 21 de setembro

2 de outubro (para crianzas de 4 a 6 anos)

Faranse dúas quendas, unha de 16.00 a 17.00 horas e outra de 17.00 a 18.00 horas.

Inscripción: desde o 28 de setembro

16 de outubro (recollida de pezas)

As 16.00 horas (crianzas de 1 a 3 anos) e as 17.00 h (crianzas de 4 a 6 anos).



Lingoreiteira, de Xarope Tulú

4 de outubro, ás 12.00 horas, na Fábrica

Esa é unha lingoreiteira- dicían. O que non sabían era que grazas a ela algunhas das historias que vos imos contar chegaron ata hoxe. Esta sesión de contos é unha homenaxe á lingoreiteira que hai en nós, a esa parte nosa que permite que a palabra e a oralidade non morran de todo. Achegádevos que imos botar a lingua a pacer! Lingoreiteira é un espectáculo para público familiar que combina a narración oral, a música e a manipulación dun monicreque. En escena, unha narradora e un músico fannos viaxar por novos vieiros a partir da música e a palabra.

Persoas destinatarias: maiores de 3 anos

Duración: 45 minutos

Inscripción: desde o 28 de setembro



Fíos do Querer, de Ce Orquestra Pantasma

24 outubro, ás 18.00 h, na Fábrica

Cé Orquestra Pantasma, a partir da personaxe de home orquestra, ofrece desta volta un formato musical agarimoso apto para a sensibilidade da primeira infancia. O emprego da voz e actitude de confianza, o suave e rítmico acompañamento musical do ukelele e do seu trebello sonoro para as costas, e as misteriosas árbores de axóuxeres que acompañan estética e harmoniosamente, conseguen namorar a miúdos e grandes desde o comezo do espectáculo.

Persoas destinatarias: familias con nenos e nenas de 0 a 3 anos

Duración: 45 minutos

Inscripción: desde o 19 de outubro



Pitiminí: concerto para bebés, de Davide González e Iria Pinheiro

7 de novembro, ás 18.00 h, na Fábrica

Espectáculo sensorial deseñado especialmente para os máis pequenos e para as súas familias. Unha viaxe musical con melodías e sons que estimulan a curiosidade dos bebés nun ambiente seguro e acolledor. Davide González e Iria Pinheiro continúan creando teatro familiar despois da súa traxectoria conxunta en diferentes compañías. A súa bagaxe profesional en varias disciplinas ao redor das artes escénicas fai de Pitiminí un completo menú artístico que fomentará nas crianzas o desenvolvemento emocional e cognitivo a través da danza, da música e da poesía.

Persoas destinatarias: familias con crianzas de 0 a 3 anos

Duración: 30 minutos

Inscripción: desde o 2 de novembro



Carapuchiña vermella, de Educateatro

14 de novembro, ás 18.00 h, no Auditorio Gabriel García Márquez

Un musical cheo de ritmo onde Carapuchiña Vermella cruza o bosque para levarlle un petisco á súa avoa, aprendendo a respectar a natureza e escoitar os consellos da súa nai. Entre cancións, sorpresas e a presenza dun lobo moi famento, a aventura manterá en vilo a pequenos e maiores.

Persoas destinatarias: familias con crianzas maiores de 2 anos

Duración: 55 minutos

Inscripción: desde o 9 de novembro



Tres en raia de Nadal

20 e 27 de novembro e 11 de decembro, nas Torres de Santa Cruz

Neste obradoiro de olería faremos un xogo de tres en raia con decoración de Nadal. Unha proposta para xogar en familia e ademais decorar esta época do ano dun xeito orixinal. Farase en tres xornadas, polo que as persoas que se inscriban teñen que poder asistir a todas as datas.

Persoas destinatarias: de 1 a 3 anos, será de 16.00 a 17.00 e para nenas e nenos de 4 a 6 será de 17.00 a 18.00 h

Inscripción: desde o 16 de novembro